



PLAN DIXITAL

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

Leiro Pequeno, s/n -32420Leiro

ceip.emilia.pardo.leiro@edu.xunta.gal

WEB: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardoleiro>

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTILE PRIMARIA4 UNIDADES MIXTAS:

-1 UNIDADE 4º,5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

-1 UNIDADE DE 1º E 2º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

-1 UNIDADE DE 3º E 4º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

-1 UNIDADE DE 5º E 6º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

43 ALUMNOS E ALUMNAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

9 MESTRES-AS:

-1 MESTRA DE EDUCACIÓN INFANTIL

-1 MESTRA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

-1 MESTRA DE MÚSICA E EDUCACIÓN PRIMARIA E CIENCIAS NATURAISEN INGLÉS

-1 MESTRE DE EDUCACIÓN FÍSICA E EDUCACIÓN PRIMARIA

-1 MESTRA DE INGLÉS E PLÁSTICA EN INGLÉS

-1 MESTRA DE RELIXIÓN (ITINERANTE CO CEIP NOSA SEÑORA DEXUVENCOS DE BOBORÁS)

-1 MESTRA DE AL (ITINERANTE CO CEIP DE QUINS DE MELÓN). O NOSO ÉO CENTRO BASE.

-1 ORIENTADORA (ITINERANTE CO CEIP INMACULADA DE OURENSE E COCEIP CARMEN GARCÍA CARRASCO DE CENLLE)

1 MESTRA DE PT E DIRECTORA EN COMISIÓN DE SERVIZOS POR CARGO DIRETIVO

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.3. Ubicación da zona

O centro atópase no Concello de Leiro, na Comarca do Ribeiro, na provincia de Ourense. Está situado nunha zona importante de cultivo de vide.

Ubicación do centro

O centro está situado no medio do pobo.

Nivel socio-económico e cultural

En liñas xerais, o nivel socio-económico e cultural da zona é baixo, acentuado nos últimos tempos pola actual crise económica, quedando a moita poboación da comarca con empregos bastante escasos e precarios, fundamentalmente baseados no sector primario.

Hai un número considerable de familias monoparentais, pais e nais separados/as, nenos/as que conviven só con avós ou outros familiares e incluso casos de violencia de xénero, aspectos que repercuten negativamente na vida do centro.

Relacións das familias co centro educativo

O interese das familias polo futuro formativo e laboral dos nenos/as é escaso en liñas xerais, non mostrando expectativas altas encanto a eles/as.

A pesar desto, as relacións co centro educativo son cordiais e frecuentes, mostrando respecto cara o traballo en xeral do centro e dos/as profesionais.

Hai anos constituíuse unha ANPA da que forman parte máis da metade de familias, a cal promove diferentes actividades e xuntanzas.

A Dirección comezou a empregar o curso pasado a aplicación Abalar para comunicarse cos pais e nais, e a maioría deles/as instalárona e grazas a ela están ó tanto das diferentes novidades. Igualmente, a comunicación que prima é a telefónica ou postal, especialmente por parte do profesorado.

A páxina web do centro tamén se emprega por parte da Dirección e se incita ás familias a que ausen para obter información.

Apoio das entidades públicas

Dende o Concello só se levan a cabo tarefas de mantemento mínimas das instalacións e colaboracións económicas puntuais (axudas para excursións por exemplo), non sendo moi fluída a relación con esta institución. Este problema leva moitos anos sendo así.

Con organismos como Servizos Sociais da Mancomunidade, Servizo de Atención Temperada Mancomunidade e Biblioteca Municipal existe unha estreita colaboración.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa e contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Desde hai uns anos as novas tecnoloxías veñen adquirindo unha maior presenza na sociedade, introducíndose pouco a pouco na maioría dos ámbitos da vida. As súas enormes potencialidades fan pensar que o seu emprego vai resultar imprescindible en moitos poucos anos. A escola non pode permanecer allexada a este fenómeno e debe saber integrar os novos medios na práctica escolar cotiá para preparar ao alumnado para que no futuro sexan competentes en todos os campos.

As TIC posibilitan a mellora do proceso de ensino e aprendizaxe servindo de elemento fundamental para reforzar as distintas áreas do currículo. Conseguen por si mesmas unha maior motivación do alumnado, permiten a posibilidade de acceder a multitude de fontes documentais e informativas (co necesario labor de peneira e valoración crítica), facilitan a aprendizaxe de cada alumno/a ao seu ritmo e favorecen o traballo cooperativo

tanto entre o propio alumnado do centro como con outros nenos de distintos países. Deben servir para que se creen uns novos procesos de ensino e aprendizaxe que muden os tradicionais papeis do alumnado e do profesorado. Sen embargo, utilizar internet con fins educativos e como complemento doutros medios de información e de coñecemento implica coñecer os lados positivos e negativos da Rede, e por iso debemos preparar aos estudantes para un uso seguro e eficaz de internet. Para o alumnado con NEE este é un ámbito no que o uso do ordenador, en xeral, proporciona maiores vantaxes. Moitas formas de diminución física e psíquica limitan as posibilidades de comunicación e o acceso á información; en moitos destes casos o ordenador, incluso con periféricos especiais, pode **abrir camiños alternativos que resolvan estas limitacións. Encanto ó tratamento da diversidade, os materiais didácticos interactivos (en disco e en liña) individualizan o traballo dos alumnos, xa que o ordenador pode adaptarse aos seus coñecementos previos e ao seu ritmo de traballo.**

Resultan moi útiles para realizar actividades complementarias e de recuperación nas que os estudantes poden autocontrolar o seu traballo. A interactividade, o desenvolvemento da iniciativa persoal, a interdisciplinariedade, a aprendizaxe cooperativa, a mellora da xestión académica, ou compartir recursos son outras características que definen a estas tecnoloxías. Tampouco debemos esquecer que as TIC son, en por si, motivadoras. O alumnado acode con outra actitude cando debe buscar información ou simplemente escribir nun soporte dixital que cando o fai sobre un soporte tradicional, é dicir, o papel. E o que nun primeiro momento pode semellar unha grande demora ou unha perda de tempo (para un alumno iniciarse na escritura cun teclado, por exemplo, é un proceso lento) convértese rapidamente nunha adquisición de técnicas e habilidades que facultarán ao alumnado para futuras aprendizaxes. Ademais, os centros tamén deben realizar unha labor compensatoria das desigualdades socioeconómicas dos estudantes, facilitando un acceso preferente ás TIC aos alumnos e alumnas que non dispoñen delas na súa casa.

Modificacións na programación xeral anual

A modificación máis importante consistirá na inclusión de novos obxectivos que garantan a posta en marcha do proxecto:

- Acceder a novas ferramentas e recursos educativos como medios de renovación da metodoloxía educativa co fin de mellorar a calidade do ensino en todas as áreas do currículo.

- Impulsar o uso racional das TIC.
- Capacitar para entender e expresarse a través das TIC.
- Mellorar a administración e xestión do centro.
- Facilitar a comunicación entre os diferentes sectores da comunidade educativa.–
- Promover a formación do profesorado en TIC.

1.4. Breve xustificación do mesmo

O Marco Europeo para a Competencia Dixital Docente (DigCompEdu) responde á crecente concienciación de moitos Estados membros europeos de que o persoal docente necesita un conxunto de competencias dixitais específicas para a súa profesión afin de poder aproveitar o potencial das tecnoloxías dixitais para innovar e mellorar a educación: Competencias profesio-nais docentes+Competencias pedagóxicas docentes+Competencias dixitais do alumnado.

O plan dixital enmárcase nun ámbito lexislativo composto polos seguintes referentes legais:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

As Tecnoloxías da Información, a Comunicación e o Coñecemento (TICC) e agora vencelladas á Aprendizaxe, son unha realidade na nosa sociedade, e por suposto, tamén o son na educación. Estes TICC preséntanse como unha disciplina transversal, que medran exponencialmente en función dos avances que presentan, e que se poden aplicar a calquera rama do coñecemento. É tremendamente poderosa a capacidade que nos o

frecen as TIC para levar a cabo a xestión dun centro educativo, así como a comunicación entre profesorado, alumnado e familias. Por iso é obrigatoria a integración destas TIC nos nosos centros educativos, permitíndonos po-sicionarnos á vangarda dos procesos de xestión académica e comunicación dentro da comunidade educativa. A aplicación das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe cobra un papel excepcional pola demanda da sociedade, e polo tanto do noso alumnado, no uso dos recursos que a sociedade da información nos ofrece. Aínda que é certo que aínda existe unha fractura dixital por parte dunha alta porcentaxe do profesorado, que hai que corrixir mediante a formación específica necesaria. A idea fundamental é a consolidación do coñecemento, por parte do noso alumnado, para que non haxa fenda dixital e polo tanto para que as ensinanzas que se imparten no noso centro sexan competitivas e atractivas para eles. Porén, unha dificultade engadida na implantación de metodoloxías didácticas adaptadas ás TIC radica na capacidade do alumnado para utilizar as posibilidades que ofrece a Sociedade da Información e o Coñecemento de forma pouco ética. Este punto require unha especial atención por parte do profesorado e dos responsables das TIC do centro, que terán que facer fincapé no uso ético e educativo das TIC no centro. Unha correcta integración das TIC no noso centro pode supoñer: o fomento da motivación do alumnado; unha busca sinxela de información que o alumno debe aprender a xestionar e transformar en coñecemento dentro dunha aprendizaxe significativa; a utilización dun recurso innovador na tarefa cotiá do profesorado na aula, que grazas á súa versatilidade permitirá diferentes aplicacións didácticas; o deseño de novos materiais de traballo, etc.

1.5. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital:

O proceso de elaboración deste PD comeza no curso 2021-22, no marco do desenvolvemento dun PFPP que coordina a directora e participando na formación ademais dela as mestras de AL e Primaria (provisionais no centro). Non se constituiu Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Empregouse a aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual>
Desenvolveuse nas seguintes fases:

FASE I. ANÁLISE E DIAGNOSE DE SITUACIÓN DOS CENTROS (curso 2021-2022)

- Presentación e contacto co centro (Tarefa)
- Comezo do SELFIE e preguntas personalizadas (Tarefa)
- Informe de resultados do SELFIE (Tarefa)
- Informe grupal do testCDD (Tarefa)
- Informe DAFO (Tarefa)

2. FASE II. DESEÑO E ELABORACIÓN DO PLAN DIXITAL (curso 2021-2022)

- Obxectivos do Plan de Acción (Tarefa)
- Plan Dixital (Tarefa)

FASE III. IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL(curso 2022-2023)

Dentro do Proxecto de Formación de Centro, o grupo composto polas mestras que se mencionan anteriormente máis a coordinadora, levou a cabo a formación correspondente e reuniuse en varias ocasións para realizar as tarefas encomendadas, aínda que non eran coñecedoras de moita información do centro debido a levar nel só uns meses.

O primeiro paso foi personalizar a enquisa Selfie, a cal logo cubriron profesorado e alumnado de quinto e sexto de Primaria. Despois realizouse o test CDD e analizáronse os datos. Seguidamente fíxose unha valoración e análise dos resultados da enquisa Selfie (análise DAFO) e a partir destes deseñáronse uns obxectivos de cara o vindeiro curso (PA). E por último elaborouse o documento ante o que nos atopamos.

3. Situación de partida

3.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).

A **infraestructura** dixital do CEIP consta de conexión por cable e conexión WI-FI. Nas

instalacións da Dirección do centro atópanseo RAC xeral e o deconexión sen fíos. O centro, por tratarse de tres edificios, tivo que ser dotada dun número importante de repetidores, tendo como puntosclave tódalas aulas que agora están en funcionamento, así como diferentes zonas comúns (biblio-tecaescolar, sala de mestres-as, aula de informática, salón de actos-ximasio, comedor escolar...). Existe unha liña de comunicación telefónica con dous teléfonos inalámbricos e un teléfono fixo. Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

aulas dixitalizadas, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos).

O **equipamento** dispoñible, aínda que antigo e con dificultades táecnicas (avarías e funcionamento irregular ó longo do curso escolar), está composto polos seguintes equipos:

- ✓ Aulas dixitalizadas: en total hai 3 aulas de Primaria, 1 aula de Infantil e a aula de Música con esas características (canón, pizarradixital e ordenador portátil).
- ✓ Equipos de xestión e administración: un ordenador de torre na Dirección do CEIP que é o único equipo de xestión co que traballa a directora. Non é moi antigo, pero está sobrecargado e con risco de avarías.
- ✓ Uso na biblioteca: Na biblioteca escolar hai un equipo con torre para o rexistro e préstamo en MEIGA, obsoleto e que non se usa.
- ✓ Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: hai dous ordenadores de torre na sala de mestres-as.
- ✓ Equipos ultraportátiles para aula móbil: hai un ordenador portátil na aula de Apoio que comparten a mestra de PT e AL, outro nunha aula de Relixión e Desdobres e outro na antiga aula de Inglés. Son equipos moi antigos e obsoletos.
- ✓ Aulas de informática: hai unha aula de informática no CEIP dotada de oito ordenadores de torre, dos cales a maioría están obsoletos. Apenas teñen uso debido a non estar habitualmente en funcionamento.
- ✓ A maioría de equipos foron mercadas polo centro, de segunda man, con diñeiro do apartado de gastos de funcionamento.

Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Abalarmóbil,...). Só están empregados e actualizados pola directora.

- Páxina web do centro: en funcionamento dende hai anos (<https://www.edu.xunta.gal/cen-tros/ceipemiliapardoleiro/>)
- Aula virtual: en funcionamento dende o ano 2020 no que se creou a partir dun curso de formación en centros asesorado polo CFR de Ourense (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardoleiro/aulavirtual/>). Non se empregounca.
- Espazo Abalar: o CEIP conta con acceso ó espazo ABALAR que se emprega para avisos a familias en diferentes momentos do curso escolar dende o pasado curso.
- ✓ Abalarmóbil: algo máis da metade das familias teñen activa esta aplicación para recibir avisos.

Xestión do mantemento do equipamento do centro.

A xestión do mantemento do equipamento do CEIP recae nunha empresa externa (Eniac Informática do Carballiño) e dun xeito escaso na UAC. Botamos en falla tempo e recursos humanos para poder realizar con maior e mellor calidade a asistencia técnica do noso centro.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:.

- Documentos e enlaces cargados na páxina web do centro

3.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: esta deu lugar ó Plan de Acción:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
	Equipo	2				

A -Liderado	Profesorado	2,9				
	Alumnado	-----				
B- Colaboración e redes	Equipo	2				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	3,6				
C- Infraestruturas e	Equipo	1,9				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	2,8				
D- Desenvolvemento	Equipo	2,7				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	-----				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	2,5				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-----				
F- Pedagogía: Implementación	Equipo	2				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	2,3				
G- Prácticas de aplicación	Equipo	2				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	-----				
H- Competencias dixitais do	Equipo	2,3				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,9				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	<u>0</u>	<u>3</u>	<u>0%</u>
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
52,5	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	57,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	52,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)
.				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	3	75%
B1	1	25%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	4	100%

Outras fontes

Empregáronse tres modelos para o traballo e análise de datos: cuantitativo, cualitativo e 3 porqués.

3.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C.2. O centro conta cun número medio de dispositivos dixitais para o ensino.</p> <p>C.10. O centro conta cun número medio de dispositivos dixitais para a aprendizaxe.</p>	<p>C.5. Non se conta con asistencia técnica gratuita nin rápida e de calidade.</p> <p>C.7. Descoñécense a normativa referida á protección de datos.</p> <p>C.5. O alumnado non recibe formación básica sobre asistencia técnica no ámbito dixital nin sobre emprego de equipos electrónicos dentro do centro educativo.</p>

<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>E.1. O profesorado emprega recursos educativos en liña e valora a súa utilidade. B.2. O profesorado debate e analiza o emprego da tecnoloxía no ensino D.2. O profesorado está interesado na participación no DPC. A.3. O profesorado ten interese por coñecer novas modalidades de ensino. E.4. A comunicación coa comunidade educativa por parte do profesorado é fluida e continua.</p>	<p>A.4. O profesorado non conta co tempo suficiente para explorar o ensino dixital. E.2. O profesorado non conta con formación para crear recursos dixitais. E.3. O profesorado non emprega entornos virtuais de aprendizaxe de forma habitual.</p>
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		<p>O persoal non docente non conta co tempo, coa formación nin cos dispositivos axeitados.</p>
<p>ALUMNADO</p>	<p>F.4. O alumnado ten interese por manexar entornos dixitais e crear contidos dixitais. H.4. O alumnado é capaz de debater con sentido común sobre o emprego da tecnoloxía. O alumnado implícase e colabora nas tarefas relacionadas co ámbito dixital e considérasas motivadoras. H.1. e H.3. O alumnado mostra un comportamento seguro e responsable no uso da tecnoloxía dixital baixo a supervisión do profesorado.</p>	<p>H.7. O alumnado non é capaz de crear contidos dixitais por falta de formación e medios. Descoñece este ámbito de aprendizaxe.</p>
<p>FAMILIAS</p>	<p>E.4. A comunicación coas familias por parte do profesorado é fluida e continua. A comunicación coas familias por parte da dirección do centro é fluida e continua</p>	<p>As familias carecen de formación no ámbito dixital. As familias carecen de dispositivos axeitados para o traballo en entornos dixitais.</p>

	e emprégase unha ferramenta dixital sinxela como é Abalar.	As familias non invirten en aparellos informáticos ata que o alumnado pase a etapas obrigatorias superiores (E.S.O.) ou postobrigatorias.
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A.3. No centro estase abertos a coñecer e dar a coñecer novas modalidades de ensino, especialmente relacionadas coa dixitalización.	A.1. No centro non hai unha estratexia dixital clara. A.3. No centro non se empregan novas modalidades de ensino.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración comeza a apostar pola dixitalización dos centros en xeral. A administración impulsa a elaboración e posta en marcha do Plan Dixital de Centro en base á Resolución do 3 de setembro do 2021.	Non se invirte suficiente en formación dixital en centros pequenos. Non se dotan economicamente con cuantías suficientes ós centros pequenos para a adquisición de aparellos informáticos. Non se informa das posibilidades de solicitude por doazón de aparellos informáticos que en ocasións se desbotan de empresas ou organismos de ámbito público. Os centros pequenos atópanse en situación de certo "illamento" na relación con outros centros.
	LEXISLACIÓN	Varios mestres/as e a dirección do centro coñecen ben este e o entorno por estar en situación definitiva dende hai máis de cinco cursos.	A.5. Non hai unha normativa clara sobre dereitos de autor e licenzas de uso axeitada ó nivel dos usuarios do centro. A metade do profesorado do centro está en situación de provisionalidade, polo que non lle aporta estabilidade ó centro.
	CONTORNA		

	<p>Existe no concello unha aula CEMIT da que poderían ser usuarios as familias e alumnado do centro.</p> <p>O concello conta con locais ó lado do centro que poderían ser empregados para ofrecer formación e actividades.</p>	<p>A aula CEMIT do concello é pequena, cun funcionamento e horario reducidos.</p> <p>Non hai boa cobertura de Internet na capitalidade nin nas parroquias do concello.</p>
ANPA	<p>Existe unha estreita relación de colaboración e comunicación entre a ANPA e a Dirección do centro.</p> <p>Forman parte da ANPA a maioría de familias do centro.</p>	<p>A ANPA non oferta formación para o alumnado nin para as familias sobre o ámbito dixital.</p> <p>A ANPA non conta cun local axeitado nin achegas económicas para levar a cabo formación en xeral e dixital en particular.</p>
OUTRAS ENTIDADES		<p>Dende o concello e outras organizacións/administracións da zona non se oferta formación dixital a familias nin alumnado.</p>

4. Plan de Acción

4.1. Obxectivos, indicadores e accións

Logo de analizar os datos, decidiuse seleccionar os seguintes obxectivos atendendo a unha orde lóxica de acción, de modo que os primeiros sexan os que dean lugar ós seguintes.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": A. LIDERADO						
1- OBXECTIVO(1):	PROMOVER A COMUNICACIÓN ENTRE O PROFESORADO E AS FAMILIAS MEDIANTE O USO DA FERRAMENTA ABALAR MÓBIL				Acadado	
RESPONSABLE:	DIRECTOR/A E PROFESORADO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	PORCENTAXE DE MESTRES/AS QUE EMPREGAN ESTA FERRAMENTA COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS					
Valor de partida (3)	0% DO PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA					
Valor previsto e data (4)	100% DO PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA			20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: NOTIFICAR ÁS FAMILIAS A NECESIDADE DE QUE INSTALEN OU ACTUALICEN A APP NO MÓBIL ANTES DO 30 DE SETEMBRO	DIRECTOR/A E PROFESORADO	30/09/2022	COMUNICACIÓN ESCRITA. APLICACIÓN ABALAR. FAMILIAS. PROFESORADO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: POTENCIAR O USO DE ABALAR MEDIANTE O ENVÍO PERIÓDICO DE NOTIFICACIÓNS	PROFESORADO	20/06/2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS DO CENTRO E PERSOAIS. APLICACIÓN ABALAR. FAMILIAS. PROFESORADO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.3: REXISTRAR POR ESCRITO AS COMUNICACIÓNS QUE SE ENVÍAN MEDIANTE A FERRAMENTA ABALAR EN CADA TRIMESTRE DO CURSO	PROFESORADO	20/06/2023	TÁBOA DE REXISTRO TRIMESTRAL CON DATA DO ENVÍO DA NOTIFICACIÓN E TÍTULO DESTA PARA CADA MESTRE/A. PROFESORADO.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C. INFRAESTRUTURA E EQUIPOS

2- OBXECTIVO(1):	INVENTARIAR OS EQUIPOS DA AULA DE INFORMÁTICA E O ESTADO DESTES	Acadado	
RESPONSABLE:	DIRECTOR/A E COORDINADOR/A TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	INVENTARIO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS DA AULA DE INFORMÁTICA CON ESTADO		
Valor de partida (3)	10 EQUIPOS, DOS CALES SÓ 2 OU 3 ESTÁN EN BO ESTADO		
Valor previsto e data (4)	10 EQUIPOS EN BO ESTADO	10/10/2022	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓ		
				VALORACIÓ DA ACCIÓ (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: FACER UN INVENTARIO COS DATOS DE CADA EQUIPO E O SEU ESTADO	COORDINADOR/A TIC	10/10/2022	LISSTADO CON DATOS DE CADA EQUIPO. COORDINADOR TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
• 3- OBXECTIVO(1):	FORMAR Ó ALUMNADO DE 3º A 6º DE PRIMARIA NO USO DA AULA VIRTUAL				Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINADOR/A TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	PORCENTAXE DE ALUMNADO CON COÑECEMENTOS SOBRE ESTE ÁMBITO					
Valor de partida (3)	0% DE ALUMNADO CON COÑECEMENTOS SOBRE ESTE ÁMBITO					
Valor previsto e data (4)	100% DE ALUMANDO CON COÑECEMENTOS SOBRE ESTE ÁMBITO			30/11/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: IMPARTIR FORMACIÓN SOBRE USO DE AULA VIRTUAL Ó ALUMANDO DE 3º A 6º DE PRIMARIA Ó LONGO DE 1-2 SESIÓNS SEMANAIS	COORDINADOR/A TIC E PROFESORADO TITOR	30/11/2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS ACTUALIZADOS. INCLUSIÓN DAS SESIÓNS DE FORMACIÓN NO HORARIO DE AULA. PROFESORADO TITOR PARA IMPARTIR A FORMACIÓN		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: REALIZAR UNHA PROBA PARA COMPROBAR O NIVEL DE FORMACIÓN ACADADO POLO ALUMANDO DE 3º A 6º DE PRIMARIA NO USO	COORDINADOR/A TIC E PROFESORADO TITOR	30/11/2023	1 SESIÓN DENTRO DO HORARIO DE AULA PARA A PROBA. PROBA DESEÑADA PARA MEDIR OS COÑECEMENTOS. PROFESORADO TITOR QUE IMPARTA A		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	

DA AULA VIRTUAL			FORMACIÓN		Pendente
-----------------	--	--	-----------	--	----------

"Área/s de mellora": A. LIDERADO						
• 4- OBXECTIVO (1):	EMPREGAR A AULA VIRTUAL DO CENTRO SEMANALMENTE				Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINADOR/A TIC E PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	PORCENTAXE DE MESTRES/AS QUE EMPREGAN A AULA VIRTUAL POLO MENOS MEDIA SESIÓN SEMANAL					
Valor de partida (3)	0% DO PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA					
Valor previsto e data (4)	100% DO PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: ACTUALIZAR A AULA VIRTUAL DO CENTRO	COORDINADOR/A TIC	15/10/2022	PROFESORADO. ORDENADORES DO CENTRO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: SUBIR CONTIDO SEMANAL Á AULA VIRTUAL DO CENTRO	PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA. COORDINADOR/A TIC	20/06/2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS DO CENTRO E PERSOAIS. PROFESORADO. TEMPO DENTRO OU FÓRA DO HORARIO LECTIVO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: TRABALLAR POLO MENOS EN MEDIA SESIÓN SEMANAL NA AULA VIRTUAL DO CENTRO CO	PROFESORADO TITOR E	20/06/2023	PROFESORADO. ORDENADORES DA AULA DE INFORMÁTICA. SESIÓN GARDADA NO HORARIO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ALUMNADO DE 3º A 6º DE PRIMARIA	ESPECIALISTA		DE CADA TITORÍA			
A04.4: FACER UN LISTADO NUN CALENDARIO NO QUE MARCAR AS SESIÓNS DE EMPREGO DA AULA VIRTUAL	COORDINADOR TIC/A E PROFESORADO TITOR E ESPECIALISTA	20/06/2023	PROFESORADO. CALENDARIO DE USO DA AULA VIRTUAL POR GRUPO E CURSO ESCOLAR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

0

4.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para acadar os obxectivos propostos, en primeiro lugar é necesario valorar o estado de tódolos ordenadores do centro (tanto portátiles como de sobremesa), actualizalos/formatéalos e engadirlle algún antivirus no caso daqueles que se consideren aínda con utilidade.

Os demais que estén obsoletos deberían ser substituídos, así como as pantallas máis antigas que non teñen boa calidade de imaxe.

Sería necesario tamén dotar ó centro de altofalantes, cascos e videocámaras para os ordenadores de sobremesa, e tamén dotar aula de Informática dunha pantalla con proxector.

Sería útil contar con varias tabletas para o traballo do alumnado e cunha conexión a Internet Wi-Fi máis estable, xa que ten variacións de velocidade e fallos de conectividade a miúdo.

En primeiro lugar, estas necesidades deberían ser atendidas para poder realizar a formación en materia dixital tanto do profesorado como do alumnado do centro e, en último lugar se fora o caso, das familias.

Así mesmo, para poder actualizar a páxina web do centro, traballar na aula virtual e co espazo Abalar ou no día a día das clases con emprego de tecnoloxía, estas necesidades deberían ser cubertas.

En resumo, para poder levar a cabo o Plan de Acción e acadar os obxectivos propostos neste, o centro debería estar dotado de equipamento axeitado, así como das infraestruturas tecnolóxicas necesarias.

5. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

NO CONTEXTO DA AVALIACIÓN PROCESUAL a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre, deixando temporalizadas as datas dos tres trimestres coincidindo coas reunións de claustro de profesores trimestrais, recollendo

en actas de Claustro o seguimento do Plan dixital así como as posibles modificacións que se vaian desenvolvendo para cada un dos obxectivos propostos no plan de acción

OS ASPECTOS A VALORAR na avaliación trimestral serán:

- (1) Estado da execución das accións para cada obxectivo proposto no PD.
- (2) Análise e valoración dos resultados
- (3) Posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

NO CONTEXTO DA AVALIACIÓN FINAL a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Farase coincidir coa reunión final de Claustro de profesores/as do mes de xuño de 2023.

OS ASPECTOS A CONSIDERAR serán:

1. Valoración do logro dos obxectivos para cada acción desenvolvida
2. Propostas de mellora a realizar no curso 2023-24

6. Difusión do plan

DEFINICIÓN DA ESTRATEXIA OU PROTOCOLO PARA A PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL

Para difundir convintemente e con efectividade o Plan Dixital entre tódolos membros da comunidade educactiva realizaranse as seguintes accións:

- (4) PROFESORADO: O Equipo responsable do PD (ou o director/a no seu defecto, se non se constitúe equipo) elaborará unha circular informativa e enviará os correos corporativos da totalidade do profesorado do CEIP o presente PD.
- (5) ALUMNADO: Cada mestre-a incluíra unha copia dixital do PD na súa aula virtual.
- (6) FAMILIAS: A dirección do centro elaborará unha circular informativa que fará chegar ás familias mediante diversas vías para informar da existencia do PA e dos espazos dixitais nos que se pode atopar o seu contido. Tamén se redactará un aviso en ABALAR sobre este aspecto e publicarase na web do centro e a circular enviada en papel e unha copia dixital do PD